

*Resolución do 23 de decembro de 2005 pola que se convocan seis bolsas de iniciación á investigación en materias relacionadas coas políticas públicas.*

O artigo 3.1º g) da Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), considera entre os fins da escola a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

Para levar a cabo esta función, resulta oportuno convocar varias bolsas para titulados superiores que participarán nas tarefas de investigación que lles encomende a EGAP ao longo do ano 2006 e se formarán nos métodos e técnicas utilizadas preferentemente na investigación social aplicada.

En execución do Plan de actividades da escola para o ano 2006 e de conformidade coa referida disposición, resolvo convocar seis bolsas, segundo as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto e número de bolsas.

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de seis bolsas de iniciación á investigación en materias relacionadas coas políticas públicas.

Segunda.-Duración e dotación económica.

As actividades de investigación iniciaranse o 1 de marzo e rematarán o 31 de decembro de 2006. Poderán ser prorrogadas, por períodos anuais ata un máximo de tres incluído o período inicial, en función do aproveitamento da persoa adxudicataria, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

A dotación económica de cada bolsa será de 1.200 euros mensuais brutos coa retención fiscal que lle corresponda. A contía da dotación estará en función do número de días desde a incorporación, considerándose en todos os casos meses de 30 días.

O financiamento estará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 06.80.122A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, cuxo proxecto foi aprobado no Consello da Xunta do 20 de outubro de 2005. O expediente económico tramítase de acordo co previsto na Orde do 11 de febreiro de 1998 que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Terceira.-Natureza xurídica da relación e incompatibilidades.

A condición de bolseiro ou bolseira non xerará unha relación laboral ou administrativa coa Xunta de Galicia nin a súa inclusión na Seguridade Social.

Será incompatible co goce doutra bolsa de similares características financiada con fondos públicos e coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial en coincidencia temporal.

Cuarta.-Requisitos dos participantes.

Ter rematados os estudos académicos en xuño do ano 2000 ou en data posterior (ata o termo do prazo de presentación de instancias para esta bolsa) e acreditada algunha das seguintes licenciaturas: dereito, socioloxía, ciencias políticas, ciencias económicas, psicoloxía ou xeografía e historia.

Quinta.-Solicitudes.

As persoas interesadas presentarán no rexistro da EGAP ou remitirán na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro dos vinte días naturais seguintes ao da publicación desta convocatoria, a seguinte documentación:

a) Unha instancia de admisión segundo o modelo do anexo.

b) Unha fotocopia do DNI.

c) *Curriculum vitae* de acordo coa seguinte estrutura: I) Datos persoais; II) Formación académica; III) Coñecementos de lingua galega e doutros idiomas; IV) Coñecementos e/ou experiencia no uso de paquetes estatísticos; V) Actividades relacionadas coa investigación (bolsas ou axudas á investigación recibidas con anterioridade); VI) Publicacións; VII) Formación complementaria.

d) Certificación académica (ou fotocopia compulsada) na que se detallen as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas e na que conste que teñen aprobadas todas as materias correspondentes ao grao de licenciado.

e) Documentos que acrediten a formación e/ou experiencia en materias relacionadas nos parágrafos III), IV), V), VI) e VII). As certificacións, tanto de formación coma de traballo ou prácticas, deberán detallar o número de horas, días ou meses de formación ou actividade. No caso das certificacións de traballo ou prácticas, estas reflectirán pomenorizadamente as funcións e traballos realizados.

f) Carta de presentación confidencial dun/dunha profesor/a ou investigador/a universitario/a en sobre pechado.

g) Declaración xurada ou responsable das bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas, indicando o período de goce delas e do compromiso a renunciar se for seleccionado ou seleccionada para outra bolsa.

Sexta.-Comisión de valoración e selección dos candidatos.

Presidente: o director da EGAP ou persoa na que delegue.

Vogais: tres profesores ou investigadores nomeados polo director da EGAP.

Secretario/a: un funcionario ou funcionaria do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da EGAP que actuará con voz e voto.

A comisión está clasificada na categoría superior para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Sétima.-Criterios para a selección dos bolseiros ou bolseiras.

A selección realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados conforme o seguinte baremo:

a) Expediente académico: ata 4 puntos.

b) Formación académica de posgrao: ata 1 punto.

c) Coñecementos de lingua galega e doutros idiomas: ata 1 punto.

d) Experiencia e dominio de paquetes estatísticos: ata 0,50 puntos.

e) Actividades relacionadas coa investigación: ata 1 punto.

f) Publicacións: ata 0,50 puntos.

A comisión non valorará aqueles méritos dos candidatos que non estean acreditados documentalmente.

A comisión poderá realizar unha entrevista cos aspirantes. Á vista da valoración dos méritos dos candidatos, a comisión determinará a puntuación mínima para acceder á entrevista. Esta versará sobre os seus méritos curriculares, co fin de valorar os coñecementos, aptitudes e actitudes persoais dos aspirantes para as funcións que van desempeñar. Terá unha duración máxima de quince minutos. A puntuación máxima pola entrevista será de 2 puntos.

Finalmente a comisión fará pública no taboleiro de anuncios da escola a relación dos candidatos por orde de puntuación.

Oitava.-Réxime de colaboración.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación destas bases, así como as que establece a EGAP para o seguimento do rendemento das actividades dos bolseiros ou bolseiras.

Durante o tempo de duración da bolsa todas as persoas bolseiras serán beneficiarias dunha póliza de enfermidade e accidente e doutra de responsabilidade civil subscrita pola EGAP.

Os aspirantes seleccionados incorporaranse, logo de aceptar a bolsa, no prazo de tres días naturais seguintes ao da notificación do outorgamento.

A coordinación e orientación das actividades dos bolseiros ou bolseiras levaraa a cabo o xefe ou xefa de Estudos, en horario de mañá e/ou tarde, de luns a venres na EGAP.

Nas publicacións e outros resultados aos que poida dar lugar as investigacións realizadas ao abeiro desta bolsa, deberá facerse referencia ao financiamento con cargo á bolsa adxudicada pola EGAP.

Así mesmo, deberán asistir ás actividades que a escola considere convenientes para a súa formación. Os gastos ocasionados con motivo destas actividades serán pagados pola escola con cargo á aplicación orzamentaria 06.80.122A.480.0 na cal se habilitará previamente o crédito para este fin, logo de que o xefe ou xefa de Estudos certifique os gastos producidos; os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención non poderán superar a contía establecida para o grupo II do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

No caso de que unha persoa adxudicataria, por calquera motivo, non poida levar a cabo as actividades de investigación será substituída polo candidato ou candidata seguinte por orde de puntuación. En caso de renunciar á bolsa, non se entenderá que existe incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, sempre e cando certifique o órgano xestor o correcto desempeño por parte do bolseiro ou bolseira

das tarefas inherentes á bolsa, garantindo a continuidade destas coa substitución por outro bolseiro ou bolseira. Cando a data da renuncia non coincida co derradeiro día de cada mes, aboarase a parte proporcional correspondente ao goce da bolsa.

As persoas beneficiarias destas bolsas presentarán os informes, formularios e demais documentos que lles esixa a EGAP con motivo da xestión do programa de investigación. Presentarán, antes de finalizar o período de duración da bolsa, un informe sobre a investigación e os resultados obtidos, que será conformado polo xefe ou xefa de Estudos da EGAP.

Antes de proceder ao último pagamento as persoas beneficiarias deberán efectuar unha declaración xurada ou responsable conforme non gozaron doutra bolsa que a adxudicada en virtude desta convocatoria.

Novena.-Anulación da bolsa.

No caso de incumprimento das actividades de investigación ou das bases establecidas nesta convocatoria, a escola poderá, por proposta do xefe ou xefa de Estudos e logo de escoitar a persoa afectada, anular a bolsa.

Décima.-Resolución e recursos.

As bolsas adxudicaránse por resolución da dirección da escola que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e notificaráselles ás persoas interesadas no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta resolución no DOG. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición por silencio administrativo.

As resolucións que se diten esgotarán a vía administrativa e poderá interporse, chegado o caso, recurso potestativo de reposición perante o director da EGAP no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa, ou no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao que se producise o acto presunto, se non o for. Tamén se poderá optar por interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se o acto for expreso, e, se non o for, o prazo para interpo-lo será de seis meses contados dende o día seguinte ao que se produza o acto presunto, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor calquera outro que consideren oportuno.

Décimo primeira.-Réxime xurídico.

Para o non regulado expresamente nestas bases observarase o disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, de subvencións e demais normativa aplicable.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2005.

Antonio Izquierdo Escribano  
Director da Escola Galega  
de Administración Pública

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA  
Escola Galega de Administración Pública

|                                                                                                                  |                                         |                                |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>BOLSAS DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN EN MATERIAS<br/>RELACIONADAS COAS POLÍTICAS PÚBLICAS</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>PR770F</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

|           |               |            |     |
|-----------|---------------|------------|-----|
| APELIDOS  | NOME          | DNI        |     |
| ENDEREZO  |               | LOCALIDADE |     |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO   | FAX |

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI.<br><input type="checkbox"/> CURRICULUM VITAE OU CERTIFICACIÓN DOS MÉRITOS INDICADOS NEL.<br><input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA.<br><input type="checkbox"/> CARTA DE PRESENTACIÓN.<br><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA OU RESPONSABLE. |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

**MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN**

|                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------|
| MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN (ESCRITO, FAX, CORREO ELECTRÓNICO ...) |
| LUGAR ONDE DESEXA RECIBIR A NOTIFICACIÓN                                |

|                                                                                                                                                                                           |                                                                              |  |                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|--|------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LEXISLACIÓN APLICABLE<br><br><i>Resolución do 23 de decembro de 2005 pola que se convocan seis bolsas de iniciación á investigación en materias relacionadas coas políticas públicas.</i> | (Para cubrir pola Administración)<br>RECIBIDO<br><br><br>REVISADO E CONFORME |  | NÚMERO DE EXPEDIENTE<br><br>DATA DE ENTRADA<br>/ /<br>DATA DE EFECTOS<br>/ /<br>DATA DE SAÍDA<br>/ / |
| SINATURA DO SOLICITANTE<br><br><br>Lugar e data<br><br>, de de                                                                                                                            |                                                                              |  |                                                                                                      |

Director da Escola Galega de Administración Pública. Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela.

## FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

*Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2006.*

O Regulamento (CE) nº 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, que establece a organización común de mercados (OCM) no sector do leite, no seu artigo 14 prevé a concesión dunha axuda comunitaria para a subministración aos alumnos de centros escolares de determinados produtos lácteos transformados.

O Regulamento (CE) nº 2707/2000, da Comisión do 11 de decembro, establece as modalidades de aplicación do antedito regulamento, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares e foi modificado polo Regulamento nº 816/2004, da Comisión, do 29 de abril.

As modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares establécense no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, modificado polos reais decretos 460/2004, do 18 de marzo, e 313/2005, do 18 de marzo. Estas modificacións afectan as bases reguladoras establecidas pola orde da entón denominada Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 30 de maio de 2002, polo que, sen prexuízo da aplicabilidade directa da normativa comunitaria, a entrada en vigor desa normativa comunitaria e da básica estatal, fan necesario ditar unha resolución que regule o procedemento de concesión de axudas á subministración de leite e produtos lácteos.

Esta resolución regula na súa sección I o procedemento para a tramitación e concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e na súa sección II, convoca as ditas axudas para o ano 2006.

Ademais, ten en conta o procedemento para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma, de conformidade co previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia así como no que resulta da aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria -Fogga- (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo -DOG nº 251, do 30 de decembro)- e o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, correspóndelle ao dito organismo, entre outras funcións, a execución da política agrícola

común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento das distintas organizacións comúns de mercados na Comunidade Autónoma de Galicia como, neste caso, a concesión das axudas aos alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos, dentro da OCM do leite e produtos lácteos.

Polo tanto, tendo en conta o disposto no artigo 78.3º e 8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no artigo 8 da Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Fondo Galego de Garantía Agraria (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002 de medidas fiscais e de réxime administrativo) e no artigo 14 d) e i) do Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 7/1994,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto establecer, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o procedemento para tramitar a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e de produtos lácteos transformados recollidos no anexo I desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 14.1º do Regulamento (CE) nº 1255/1999, do Consello, do 17 de maio, e no Regulamento (CE) 2707/2000, da Comisión, do 11 de decembro, así como no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, e convocar as ditas axudas para o ano 2006, polo que se estrutura en dúas seccións, a Sección I dedicada ao establecemento das bases reguladoras e a Sección II referida á convocatoria da axuda para o ano 2006.

#### Sección I Bases reguladoras

#### Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Serán beneficiarios desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros ou establecementos escolares, recoñecidos polas autoridades competentes, dos seguintes niveis de ensino:

a) Educación infantil, incluídos os xardíns de infancia ou gardarías e outros establecementos de educación preescolar.

b) Educación primaria.

c) Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio.

d) Educación especial.

2. As axudas concederanse para os días lectivos de desenvolvemento do curso escolar. O número de días lectivos, sen engadir os días de vacacións, será o establecido na Comunidade Autónoma de Galicia pola autoridade competente e, no caso de centros de educación infantil e de educación especial, poderán facerse extensivas aos días lectivos dos meses estivais en que estes centros permanezan abertos.